

A CAMPAÑA "NON PERDAS ESTE BUS. LÉVATE AO SON DO CAMIÑO" CHEGA AOS CAMPUS DE SANTIAGO E VIGO

O campus de Vigo acollerá o martes 10 de marzo a campaña "Non perdas este bus. Léivate ao Son do Camiño" da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS). Unha unidade móbil estará estacionada no aparcadoiro de bus da Facultade de Económicas e Empresariais das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 21:00 horas. O mesmo horario de atención terá a unidade móbil que estará o mércores 11 de marzo diante da cafetería das Facultades de Bioloxía e Matemáticas do campus Vida santiagués.

Ao carón da unidade móbil, no transcurso destas dúas xornadas, instalarase unha escenografía consistente nunha carpa de DJ como xeito lúdico de dar a coñecer a campaña na que se sortearán abonos para asistir ao Son do Camiño do vindeiro mes de xuño.